



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2021/E001/000014

Ref.: IVCR

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

En data 10/09/2021 (RE 4066), o Concello das Pontes recibe notificación da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se lle concede subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego, denominado “EUME III”, encamiñado á selección de 12 alumnos/as traballadores/as así como persoal directivo, docente e de apoio (número de expediente 15/0024/2021), promovido polos Concellos das Pontes, da Capela e das Somozas, ao abeiro do establecido na Orde do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 22, do 03/02/2021).

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditou a providencia de inicio do procedemento, de data 24/09/2021.

Elaborouse proposta de bases reguladoras do proceso selectivo, asinadas o día 01/10/2021.

En data 01/10/2021 a técnica de administración xeral (TAX) encargada da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable con observacións.

Pola súa vez, a Intervención municipal evacuou o informe de fiscalización núm. 385/2021, do 4 de outubro, emitido con reparos sen efectos suspensivos.

Mediante o Decreto núm. 1648/2021, do 4 de outubro, apróbase a convocatoria e bases da selección do persoal directivo, docente e de apoio para o "Obradoiro dual de emprego EUME III".

O anuncio da convocatoria foi publicado no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 191, do 06/10/2021.

O prazo de presentación de solicitudes iniciouse o 07/10/2021 e conclúe o 11/10/2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Consonte a base núm. 6 das que rexen a convocatoria, rematado o prazo de presentación de instancias, a concelleira-delegada determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución. Non obstante, aínda que o prazo de presentación de instancias non estea rematado, procede ditar esta resolución ao non prexudicarse os intereses do persoal aspirante neste proceso selectivo, dado que non se inclúe a lista de persoas admitidas nin ningunha outra circunstancia relativa ás persoas candidatas.

A Alcaldía é, en principio, o órgano competente para ditar a presente resolución en virtude da atribución conferida ao alcalde polo artigo 21.1, letras g) e h) da LRBRL. Porén, tal competencia foi



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2021/E001/000014

Ref.: IVCR

atribuída á concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego mediante o Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Dar comezo á selección do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego “EUME III”, promovido polos Concellos das Pontes, das Somozas e da Capela, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, mediante a constitución do órgano encargado da selección das persoas aspirantes.

2. Designar ás seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, para integrar o órgano de selección (tribunal) na condición que en cada caso se indica:

- Presidencia:

. Titular: Ana María Barba Pazos, funcionaria da escala de administración especial (subgrupo A2) do Concello das Pontes de García Rodríguez

. Suplente: Susana Bellas Bermúdez, funcionaria da escala de administración especial (subgrupo A2) do Concello das Pontes de García Rodríguez

- Vogalías:

1ª):

. Titular: Eva Bergantiños Pérez, persoal laboral fixo (grupo I) do Concello das Pontes de García Rodríguez

. Suplente: María del Carmen Rego Piñeiro, persoal laboral fixo (grupo I) do Concello das Pontes de García Rodríguez

2ª):

. Titular: Carlos Alberto Domínguez Adegas, técnico de administración especial (economista) do Concello das Pontes de García Rodríguez.

. Suplente: Matilde Montserrat González Rivera, persoal laboral fixo (grupo I) do Concello das Pontes de García Rodríguez

3ª)

. Titular: Julia Guerreiro Rodríguez, funcionaria da escala de administración especial (subgrupo A2) do Concello das Pontes de García Rodríguez

. Suplente: José Manuel Cabarcos Anca, funcionario da escala de administración xeral (subgrupo A1) do Concello das Pontes de García Rodríguez



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2021/E001/000014

Ref.: IVCR

- Secretaría:

. Titular: José Sanjurjo Paz, funcionario da escala de administración especial (subgrupo A2) do Concello das Pontes de García Rodríguez.

. Suplente: Manuel Souto López, técnico de xestión do Concello das Pontes de García Rodríguez

3. Nomear, como asesora do tribunal, con voz e sen voto, a María del Pilar Bouza Naseiro, orientadora laboral (licenciada en Psicoloxía) do Concello das Pontes de García Rodríguez

4. Fixar **lugar, día e hora de constitución do tribunal**, nos seguintes termos:

a) Día: mércores, **13 de outubro de 2021**

b) Lugar: **Sala de Concelleiros do Concello das Pontes de García Rodríguez**

c) Constitución do tribunal: **09:00 h.**

5. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>).

6. De conformidade co previsto na base cuarta das reguladoras do proceso selectivo, o concello poderá esixir das persoas integrantes do tribunal declaración expresa de non acharse incursas nas circunstancias establecidas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños